Galicia-Hoxe.com

UN DÓ, 70 ANOS DESPOIS

Achan até 284 fosas con cadáveres da Guerra Civil

En Galicia investígase a fosa da Fonsagrada despois do traballo no Vicedo, Valdoviño, ou Soutadoiro

MAR PICHEL . SANTIAGO

A segunda xornada do encontro de investigadores "Historia e memoria" abordou onte os traballos de exhumación de fosas comúns no taller "Xeografía física da represión: os mapas das fosas".



María Ruído, pola esquerda, Charo Portela, Dionisio Pereira e Cecilio Gordillo
FOTO: Antonio Hernández

A charla foi iniciada por Santiago Macías, da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), quen relatou o proceso de investigación de fosas tomando como exemplo o traballo realizado na Fonsagrada para localizar o corpo de José Moreno Torres, líder anarquista da Coruña asasinado sen xuízo. Santiago Macías agradeceu a colaboración da xente "que se solidariza sen nada a cambio" e lembrou que este labor se debe ao desexo das familias de saber onde foron parar os seus, un traballo que fan con gusto aínda que "o cumprimento dos Dereitos Humanos non se poden encargar a unha asociación como a nosa", declarou.

O médico antropólogo forense Fernando Serrulla informou de que xa foron localizadas 284 fosas en todo o Estado e que en Galicia xa foron investigadas as do Vicedo, Soutadoiro, Vilarrube e Valdoviño. Serrulla engadiu ademais que 2267 desaparecidos foron reclamados polas súas familias.

O representante do Foro pola Memoria de Madrid, José María Pedreño, explicou aos asistentes os métodos que seguen no traballo coas fosas, con equipos multidisciplinares nos que se integran historiadores, antropólogos, avogados... e tamén psicólogos que lles serven de apoio ás familias. Pola súa banda, Queralt Solé, da Direcció General de la Memoria Democrática da Generalitat de Catalunya explicou o traballo desenvolvido na comunidade catalá nos últimos catro anos, onde se recibiron máis de 1800 solicitudes para a búsqueda de desaparecidos, das cales un 20 % delas xa quedaron resoltas.

Molesta a ulilización política da memoria histórica

Antes de comezar o segundo taller da xornada Emilio Grandío, coordinador do encontro, declaroulle a axencia EFE que lle "molesta a utilización política de determinados temas históricos sen consultar os profesionais". Así contestou o historiador cando foi preguntado polas declaracións de Mariano Rajoy nas que afirmaba que o seu partido non quería falar de memora histórica. Xa no segundo obradoiro, de "Divulgación e accesibilidade social sobre o fenómeno represivo",Dionisio Pereira resumiu o proxecto do pasado verán "O Barco da Memoria", que abordou as actividades de resistencia da xente do mar. Esta iniciativa tentou, sen unha visión nostálxica, transmitir valores liberadores .

Precisamente o dicurso nostálxico e homoxéneo da memoria é unha das principais preocupacións do Plan Rosebud. A súa responsable, María Ruído, indicou que este plan estuda o imaxinario construído arredor da Guerra Civil e da represión dende o eido cultural. Nese eido cultural, aínda que sen limitarse ao mundo das imaxes, está o labor de Edicións do Castro. Esta empresa estivo representada neste taller por Charo Portela, quen numerou as moitas achegas da editorial para a recuperación da memoria histórica.